



**GENTE RARA** - Ricardo Gómez Edt. Edelvives

Na clase de Patricia todos son un pouco raros, incluída Mis Robles, a profesora. Sen embargo, os días transcorren con normalidade ata que aparece La Escoba: un novo profesor cargado de "boas intencións" que vai converterse no pesadelo de Patricia e os seus amigos ao tratar de convertelos en alumnos exemplares.



**CADA CUADRO CON SU CUENTO (El mundo de la pintura)** - Juan Ramón Brotons. Edt. Anaya

Un libro de pintura para introducirse no mundo da arte. Por cada cadro un conto. Aspectos do artista e da época, curiosidades e propostas para afondar e desenvolver a creatividade.



**OS PIRATAS DA ILLA DA ESPERANZA** - X. H. Rivadulla Corcón Edt. Xerais

Os cinco membros do Club de Lectura Pedra dos Corvos coñecen ao Vagabundo, un vello e nobre navegante, que se converterá nun amigo máis da panda. Embarcaranse no "Praia de Quenxe" para procurar un tesouro na illa da Esperanza e enfrontarse a unha situación tan inesperada coma dolorosa. Unha emocionante novela de temática mariñeira sobre a lealdade e a amizade..



**O LABORATORIO DO DOUTOR NOGUEIRA** - Agustín Fdez. Paz Edt. Xerais

O doutor Nogueira é un extravagante inventor que traballa no seu laboratorio para conseguir que a infelicidade desapareza do planeta. Ao ser ignorado e ridiculizado polos seus compañeiros de profesión, debe traballar na clandestinidade coa única axuda da súa axudante, Rosa Novoa, que decide deixar testemuña das investigacións do doutor para que as coñezan as xeracións futuras.

## A NOSA GUÍA



"Calor de fogar" de Carlton Alfred Smith

**Tempo de Nadal, tempo de frío, de acubillarse ao redor do calor do fogar. Por que non na compañía da nosa familia, cun fermoso libro nas nosas mans? Desexámoslles que gocen desta pequena selección de lecturas que lles presentamos.**



Bodegón con velas, bólas e libros  
Dereito de autor: Darya Petrenko

Para coñecer a nosa biblioteca visitade a nosa

**PÁXINA WEB**

<http://centros.edu.xunta.es/ceipisaacperal>

Nela atoparedes multitude de

**CONTOS E ACTIVIDADES**

E non esquecervos de visitar o noso sitio

**"QUE LEMOS"**

onde están os libros recomendados para o

**Nadal, a Paz, o Verán...**

Tamén podeades **LER NA REDE** ou visitar a nosa

**BIBLIOTECA VIRTUAL**

**PERALIÑO** xa ten correo electrónico por se lle

queredes enviar suxestións

[bibliotecaisaacperal@gmail.com](mailto:bibliotecaisaacperal@gmail.com)


# Guía de Lectura

## Nadal 2013

**Biblioteca  
Antón Cortizas**

# CEIP ISAAC PERAL

## EDUCACIÓN INFANTIL




### ¡BUENAS NOCHES, BÚHO! - Pat Hutchins Edt. Kalandraka

Abellas, corvo, estomiños, pombas... todos molestan no sono do bufo. Un conto acumulativo e repleto de sonoridade, que reúne a unha boa representación da fauna do bosque, onde este sabio animal é o rei da noite.




### ¡MUCHAS GRACIAS! - Isabel Minhós Martins e Bernardo Carvahlo. Edt. Kalandraka

A familia, os amigos, a xente da veciñanza, os profesores e os compañeiros do colexio... de cantas persoas aprendemos ao longo da nosa infancia! Hai que recoñecérlllelo e seguir aprendendo delas.



### PARA FACER O RETRATO DUN PAXARO - Jacques Prévert Edt. Factoría K

Un lenzo, unha paleta de cores e un pincel bastan para trazar as liñas da gaiola na que se acabe pousando o noso paxaro. Unha espera paciente, que pode ter a súa recompensa se a ave nos agasalla co seu canto.



### MONCHO E MANCHA - Kiko Dasilva Edt. Kalandraka


A Moncho regaláronlle unha caixa de pinturas, e tomouse moi en serio o de chegar a ser un gran pintor. Imaxes tridimensionais na busca do abstracto.

## 1º CICLO, E. PRIMARIA



### EL ARTE EN PUZZLE. NUESTRAS MASCOTAS - Paula F. Bobadilla. Edt. Serres

Crebacabezas de formas moi sinxelas para axudar a descubrir a arte aos máis pequenos. Cinco crebacabezas de doce pezas cada un para aprender a observar e descubrir as riquezas da pintura.




### DESCUBRIENDO EL MÁGICO MUNDO DE PICASSO - María J. Jorda Edt. Océano Travesía.

Sabes por que a Picasso lle gustaban tanto as pombas? Sabes por que durante algún anos pintou os seus cadros de cor azul? Sabes por que pintaba arlequíns? Sabes quen era Maya? Entra no máxico mundo de Pablo Picasso e coñece a vida e secretos do pintor máis importante do século XX



### MIRAR A PINTURA A TRAVÉS DOS SÉCULOS - Caroline Desnoëttes Edt. Factoría K

Unha explicación adaptada ao público infantil sobre 18 obras da Historia da Arte, con pintores como Da Vinci, Picasso ou Gauguin. Cada obra complétase con dúas lapelas que conteñen datos biográficos dos autores, información sobre os cadros e propostas didácticas pensadas para o traballo nas aulas.



### CADERNO DE ANIMALISTA - Antón Fortes Edt. OQO

As señoritas de Avignon reconvertidas en mandrís; a sex-symbol Mae West (Dali), en león; as bailarinas de Degas, en flamencos sometidos a duros ensaios para alcanzar a fama... Un paseo pola pintura do último século, revisitada con humor e ironía, dende unha perspectiva singular: o reino animal.

## 2º CICLO, E. PRIMARIA



### LAS SIETE CARAS DEL SEÑOR GRUNT - Ana Alonso Edt. Anaya

Max, un artista máxico, ten que realizar varios retratos do señor Grunt que sexan totalmente distintos entre si. O problema chega cando os sete retratos cobran vida, porque son tan diferentes que non logran entenderse... Con este libro aprenderás a familiarizarte coa representación da figura humana e a comparar distintos estilos de pintura.



### EL LEÓN JARDINERO - Elsa Punset Edt. Destino

A un lado, un paxaro, listo e independente. Ao outro, un león cun enorme corazón, instalado baixo a mesma árbore na que se atopa o niño do paxaro. Tras o receo inicial, ambos empezan a darse conta de que a súa convivencia está chea de vantaxes. E fanse amigos. Tanto, que o león sentirase con forzas para compartir co paxaro o seu maior segredo.



### VERBAS DE SAL - Antonio García Teijeiro Edt. Xerais

Vilamollada é unha vila máis ben pequena. Vilamollada tamén ten unha taberna, unha escola e unha biblioteca pechada, e... o seu tolo. Don Evaristo, que así se chama o suposto tolo, vive só nun cuarto alugado da Pensión Malola, unha das máis cutres de Vilamollada.



### DENDE UNHA ESTRELA DISTANTE - Agustín Fdez. Paz Edt. Xerais

Daniela está pasando uns días na casa da súa avoa antes de mudarse coa súa familia a unha nova cidade. Unha tarde sobe ao faiado a explorar e alí leva o susto da súa vida. Ao abrir un baúl, aparécelle un rato decidido a falar con ela e que, en realidade, é un extraterrestre! Poderán chegar a entenderse dous seres tan diferentes?